

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2023-2024

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

EPAPU “St^a. M^a de CARANZA”

FERROL

1. Introducción e contextualización.

1.1. Composición do departamento:

Durante o curso 2023-2024 o Departamento de francés estará formado por D. Juan F. Rey Fernández , Profesor de Ensino Secundario con destino definitivo neste centro, que impartirá a parte correspondente á Lingua Estranxeira (Francés) do Ámbito de Comunicación da Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESPA), na súa modalidade de semipresencial e presencial; Francés (Lingua Estranxeira e 2ª Lingua Estranxeira) do 1º e 2º cursos de Bacharelato na modalidade semipresencial.

O profesor desempeñará o cargo de Xefe do Departamento de Francés.

Completará o seu horario impartindo o as materias de Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.

1.2 Introdución. Proceso ensino-aprendizaxe para persoas adultas.

A posibilidade de comunicarse nunha lingua estranxeira é unha necesidade no mundo de hoxe. A capacidade de comunicarse noutro idioma permite entrar en contacto con outras culturas e favorece a comprensión e o respecto cara a outras formas de pensar e actuar, facilitando unha visión máis ampla e rica da realidade.

O estudo dunha lingua estranxeira proporcionaralles ás persoas adultas un instrumento de comunicación para desenvolverse nas situacións diversas da realidade contemporánea, ampliando o seu coñecemento do mundo e constituíndo un instrumento para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

É importante sinalar que a finalidade do estudo dunha lingua estranxeira é aprender a comunicarse nela, polo que é necesario «dicir algo» e utilizar a linguaxe «para algo». Estes dous aspectos teñen especial importancia ao tratarse dunha oferta dirixida a persoas adultas que, pola súa experiencia previa, buscan a funcionalidade e todo proceso de aprendizaxe. Isto implica que a adquisición das competencias comunicativas básicas na lingua estranxeira ha de apoiarse en temas relacionados co contorno social e cos intereses e motivacións do alumnado adulto.

O coñecemento de linguas estranxeiras é importante en dúas vertentes; por unha banda, facilita o acceso a determinadas formacións e profesións (hostelería e turismo, secretariado, comercio e mercadotecnia, etc.); pola outra, abre novas posibilidades para gozar do lecer (lectura de libros e prensa na lingua estranxeira, visionado de películas en versión orixinal,

viaxes ao estranxeiro,etc.).

A progresión na aprendizaxe prodúcese de forma global ao longo dos catro módulos nos que se distribúen os contidos do currículo de linguas estranxeiras. Os contidos seleccionados proporcionaránlle ao alumnado adulto a posibilidade de acceder, de maneira satisfactoria, á comprensión e á produción de textos orais e escritos de distinto tipo e que máis se adecúen ás súas necesidades e intereses.

A crecente presenza e expansión dos medios de comunicación en distintas linguas aconsella unha aproximación comprensiva e crítica ás informacións que transmiten. A familiarización co seu uso contribuirá a perfecciona-la lingua en situacións de aula e permitirá ademais continua-lo contacto autónomo con ela na vida real.

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea. Neste mesmo documento especificanse as distintas etapas de aprendizaxe dunha lingua para acadar a competencia lingüística necesaria para levar a cabo tarefas comunicativas en distintas situacións, tanto oralmente como na escrita así como a adquisición de distintas estratexias para que a comunicación teña efecto e para mellorar a propia aprendizaxe das linguas.

Mediante o estudo de linguas estranxeiras, o alumnado debe adquirir competencia comunicativa nesas linguas e desenvolver unha certa tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural propio doutra cultura. Todo isto facilitará a mobilidade plena das persoas e o intercambio democrático de ideas.

Os contidos e criterios de avaliación deste currículo están distribuídos por cursos, cunha gradación de nivel de logro que segue as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia. Esta especificación de contidos para cada curso debe ser interpretada como un continuo de partes unidas entre si no que se irán construíndo progresivamente as aprendizaxes das distintas habilidades comunicativas.

En cada curso, os contidos están estruturados en catro bloques entendidos, non obstante, como un todo inseparable na práctica da competencia comunicativa: os bloques 1 e 2 refírense ás habilidades, tamén denominadas actividades lingüísticas, e ás estratexias que as poñen en funcionamento. Entre estas atópase a iniciación á actividade de mediación informal, como medio de entendemento intercultural. O bloque 3 establece os coñecementos da lingua e as estratexias de aprendizaxe necesarias para realizar as actividades lingüísticas ou destrezas e, finalmente, o bloque 4 refírese aos aspectos relacionados cos costumes, formas de relación social, usos, actitudes, valores, crenzas e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira. Cómpre sinalar o valor esencial deste bloque para

promover a tolerancia e a aceptación de formas de vida diferentes cunha perspectiva pluricultural.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Unha competencia básica é a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situación diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas e a súa inclusión no currículo ten varias finalidades, entre as que podemos sinalar: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais como as informais e non formais; poñer as aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

As competencias básicas, no marco da proposta realizada pola Unión Europea, son oito:

- competencia en comunicación lingüística,
- no coñecemento e na interacción co mundo físico,
- competencia matemática,
- tratamento da información e competencia dixital,
- competencia social e cidadá,
- cultural e artística,
- para aprender a aprender,
- e autonomía e iniciativa persoal.

Ao seren as competencias un elemento organizador, van ter influencia non só nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía.

A materia de lingua estranxeira relaciónase moi directamente coa **competencia en comunicación lingüística**, pero, debido ós seus trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de **aprender a aprender**, a do tratamento **da información e competencia dixital**, á **competencia social e cidadá**, á **competencia artística e cultural** e á da **autonomía e iniciativa persoal**. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico, especialmente mediante a utilización da lingua estranxeira como instrumento de información con outros contidos do currículo

A lingua non só é un medio para a comunicación, tamén é unha ferramenta esencial para o acceso a outras aprendizaxes non lingüísticas. Isto, unido ó uso consciente de estratexias de aprendizaxe, contribúe a espertar no alumnado o desexo de utiliza-la lingua estranxeira como instrumento de acceso á información universal, favorecendo un proceso dinámico de aprendizaxe ó longo da vida.

COMPETENCIAS CLAVE: LOMCE

Comunicación lingüística: CCL

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: CMCT

Competencia dixital: CD

Aprender a aprender: CAA

Competencias sociais e cívicas: CSC

Sentido e iniciativa e espírito emprendedor: CSIEE

Conciencia e expresións culturais: CCEC

3. Obxectivos xerais ESPA.

Co fin de desenvolver as capacidades ligadas ós coñecementos correspondentes ao ámbito da Comunicación: linguas estranxeiras, as persoas adultas deberán acadar os seguintes obxectivos establecidos para este ámbito:

-Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira relativas ás diversas situacións habituais de comunicación, emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación.

-Producir mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais de comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria, amosando unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.

-Ler de forma comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado adulto, relacionados con situacións habituais de comunicación.

-Utilizar la lectura de textos con finalidades diversas, valorando a súa importancia como fonte de información, gozo e lecer, e como medio de acceso a culturas e formas de vida distintas das propias.

-Transpoñer as estruturas morfosintácticas aprendidas a diferentes contextos da vida cotiá (o mundo laboral, a vida familiar, o lecer, etc.).

-Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para comunicarse con persoas que pertencen a culturas distintas á nosa e para participar nas relacións internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.

-Apreciar a riqueza que supoñen as diversas linguas e culturas como formas distintas decodifica-la experiencia e de organizar as relacións interpersoais.

-Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información procedente da cultura que as linguas estranxeiras transmiten e utilizar esa información para reflexionar sobre a cultura propia.

4. Programación didáctica ESPA.

Ámbito da comunicación: linguas estranxeiras (Francés)

Módulos

1.Módulo1. (14 sesións)

1.1.Contidos.

1.1.1.Contidos conceptuais.

- Situacións de comunicación oral na lingua estranxeira partindo do propio contorno.

Funcións habituais da vida cotiá: presentarse e presentar a outros;

Preguntar por alguen ou por algo;

Preguntar pola idade;

identificar e describir persoas e cousas.

-Vocabulario relativo ós temas máis comúns:

trazos físicos e partes do corpo humano,

relacións de parentesco,

profesións,

domicilio

,nacionalidade;

numerais e ordinais ata 100;

adxectivos cualificativos de cor,tamaño,etc.

-Rutinas (expresións de uso frecuente, expresións idiomáticas,etc.) e fórmulas básicas de interacción social;

saúdos e despedidas;

fórmulas para preguntar e responder afirmativa e negativamente;

frase afirmativa e negativa;

fórmulas de cortesía;

expresión da nacionalidade e da dirección;

expresión da hora, do día da semana, do momento do día, do día do mes;

expresión da idade;

fórmulas que expresan indicacións e prohibicións.

-Normas básicas de pronuncia, mecanismos de interacción pregunta-resposta, uso das preposicións de lugar, presente dos verbos utilizados nas situacións recollidas no módulo e recoñecemento do imperativo.

1.1.2. Contidos procedementais.

- Comprensión de mensaxes orais breves, propias das situacións de comunicación estudadas no módulo, procedentes de distintas fontes: profesor, compañeiros, radio, televisión, vídeos, anuncios, etc., extraendo a información relevante en cada caso.

- Producción e intercambio de mensaxes orais comprensibles para os interlocutores a un nivel básico e dentro das situacións de comunicación propias deste módulo.

- Comprensión de textos relacionados cos contidos conceptuais do módulo, de interese para as persoas adultas (instrucións, informacións, avisos, etc.), e capacidade de inferir, a partir do contexto, o significado dalgunhas palabras descoñecidas.

- Localización en diferentes textos das fórmulas estudadas no módulo.

- Transposición das expresións orais traballadas á expresión escrita, tendo en conta as características gráficas da lingua estranxeira.

- Producción de textos escritos empregando as fórmulas aprendidas.

- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes co fin de obter as informacións desexadas.

1.1.3. Contidos actitudinais.

- Recoñecemento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaje e tendencia a superar as dificultades que xurden na comunicación oral por falta de recursos lingüísticos, explotando ao máximo os coñecementos e as estratexias de comunicación que se traballan no módulo.

- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe, dentro das situacións comunicativas abordadas, sen necesidade de entender todos os seus elementos.

- Interese polas mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira co fin de

obter información, ampliar coñecementos, gozar, etc.

- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida e dos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

-Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.

1.2. Criterios de avaliación.

- Comprender a idea global e extraer informacións específicas, previamente requiridas, de textos orais cunha estrutura sinxela, que traten temas coñecidos e de interese para as persoas adultas e procedentes de diversas fontes: profesor, compañeiros, radio, televisión, vídeos, anuncios, etc.

- Participar en intercambios orais breves relativos ás actividades habituais da vida cotiá, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.

- Comprender textos de diferentes tipos (instrucións, informacións, avisos, etc.) de interese para as persoas adultas, e inferir, a partir do contexto, o significado de palabras que se descoñezan.

-Identificar en diferentes textos as fórmulas traballadas no módulo e empregalas na produción de escritos propios.

- Utilizar materiais auténticos, procedentes de distintas fontes, co fin de obter as informacións desexadas.

- Identificar os trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira para unha mellor comprensión das mensaxes.

1.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

- A avaliación será continua, sumativa e formativa.

- Faranse dúas probas escritas e dúas orais (expresión e comprensión): a primeira a mediados do catrimestre e a segunda e final ao rematar o catrimestre. Será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consten as probas para obter a calificación de aprobado. Teranse en conta as calificacións dos traballos feitos na clase e/ou na casa. Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes:

conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

2. Módulo 2. (14 sesións)

2.1. Contidos.

2.1.1. Contidos conceptuais.

- Situacións de comunicación oral na lingua estranxeira partindo do propio contorno.

Funcións habituais na vida cotiá:

Preguntar polo modo e pola pertenza.

Vocabulario relativo aos temas máis habituais:

trazos físicos e trazos de carácter,

partes do corpo humano (continuación),

numerais e ordinais (conclusión),

pezas de vestir,

obxectos domésticos,

a rúa e os edificios públicos, medios de transporte(léxico activo e pasivo),

adxectivos aplicables ao tempo meteorolóxico,

principias indicadores espaciais e temporais.

- Rutinas e fórmulas básicas (mostrar acordo ou desacordo, pedir aclaracións, comprobar que se comprendeu, etc.) de interacción social:

fórmulas para preguntar e responder,

fórmulas para pedir unha información ou indicación espacial ou temporal.

Expresión da data completa.

-Normas de pronuncia (continuación),mecanismos de interacción pregunta resposta. Presente, imperativo, pasado recente e futuro próximo dos verbos utilizados.

2.1.2. Contidos procedementais.

-Comprensión de mensaxes orais breves, propias das situacións de comunicación

estudiadas no módulo, procedentes de distintas fontes: profesor ,compañeiros, radio, televisión, vídeos, anuncios, etc., extraendo a información relevante en cada caso.

- Producción e intercambio de mensaxes orais comprensibles para os interlocutores a un nivel básico e dentro das situacións de comunicación

propias deste módulo e do precedente.

- Comprensión de textos relacionados cos contidos conceptuais do módulo, de interese para as persoas adultas (instrucións, informacións, avisos, etc.) e capacidade de inferir, a partir do contexto, o significado dalgunhas palabras descoñecidas.

- Localización en diferentes textos das fórmulas estudadas no módulo.

- Transposición das expresións orais traballadas á expresión escrita, tendo en conta as características gráficas da lingua estranxeira.

- Producción de textos escritos empregando as fórmulas aprendidas.

- Comparación de determinados aspectos das formas de vida e trazos socio culturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas nosas formas de vida.

- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes co fin de obter as informacións desexadas.

2.1.3. Contidos actitudinais.

- Recoñecemento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e tendencia a superar as dificultades que xurden na comunicación oral por falta de recursos lingüísticos, explotando ao máximo os coñecementos e as estratexias de comunicación que se traballan neste módulo e no precedente.

- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe, dentro das situacións comunicativas abordadas, sen necesidade de entender todos os seus elementos.

- Interese polas mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira co fin de obter información, ampliar coñecementos, gozar, etc.

- Respecto polas normas ortográficas da lingua estranxeira.

- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida e dos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.

2.2. Criterios de avaliación.

- Captar a idea principal e extraer información específica de mensaxes orais emitidas polo profesor e os compañeiros, ou por falantes nativos, en situacións de comunicación que teñan que ver con temas familiares ou de interese para as persoas adultas.

- Captar a idea global e identificar os elementos relevantes de textos orais

máis longos (relatos, descrições, narracións, etc.) provintes dos medios de comunicación e reprodución mecánica sobre temas de interese para o alumnado adulto, relacionados con aspectos da vida cotiá e da sociedade dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

- Utilizar a lingua estranxeira para expresa-las súas necesidades básicas e para resolver as distintas situacións de comunicación que se presentan no contexto da aula.
- Adquirir e utilizar o léxico básico relacionado cos temas da vida cotiá e con outros traballados neste módulo.
- Producir mensaxes escritas curtas e sinxelas, atendendo a diferentes necesidades comunicativas así como ao formato e presentación e ás regras básicas do código escrito.
- Identificar e empreñar de forma contextualizada os aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, contrastándoos cos da propia cultura.

2.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

- A avaliación será continua, sumativa e formativa.
- Faranse dúas probas escritas e dúas orais (expresión e comprensión): a primeira a mediados do catrimestre e a segunda e final ao rematar o catrimestre. Será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consten as probas para obter a calificación de aprobado. Teranse en conta as calificacións dos traballos feitos na clase e/ou na casa. Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes: conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

3. Módulo 3 (14 sesións)

3.1. Contidos.

3.1.1. Contidos conceptuais.

- Situacións de comunicación oral na lingua estranxeira partindo do propio contorno.

Funcións habituais na vida cotiá:

Preguntar pola data e a hora,

Por un lugar ou por unha dirección;

Dar indicacións positivas e negativas;

Preguntar polo tempo cronolóxico e polo tempo meteorolóxico;

Situarse e situar as causas no espacio e no tempo;

Facer compras;

Pedir algo nun restaurante ou cafetería;

Expresar desexos e gustos;

Expresar estados físicos;

Preguntar pola cantidade e polo prezo;

Manifestar o desacordo ou a protesta e reclamar obxectos perdidos.

Vocabulario relativo ós temas máis habituais:

tendas e establecementos comerciais;

mercancías diversas;

productos alimenticios, comidas e bebidas (léxico activo e pasivo);

adxectivos cualificativos para describir as características físicas das causas e da saúde das persoas.

-Rutinas e fórmulas básicas de interacción social:

fórmulas para preguntar e responder,

fórmulas para pedir unha información ou indicación espacial ou temporal;

expresión da data completa;

fórmulas para expresar a dor física e outros estados de ánimo.

-Normas de pronuncia (continuación);

mecanismos de interacción pregunta-resposta.

Presente, imperativo, pasado recente e futuro próximo dos verbos utilizados.

-Aspectos da cultura e da sociedade dos países nos que se fala a lingua estranxeira, próximos ós intereses e motivacións das persoas adultas.

-Presencia en Galicia da lingua estranxeira estudiada: televisión vía satélite, anuncios en prensa, folletos de instrucións, cancións, etc.

3.1.2. Contidos procedementais.

- Comprensión de mensaxes orais breves, propias das situacións de comunicación estudadas no módulo, procedentes de distintas fontes: profesor, compañeiros, radio, televisión, vídeos, anuncios, etc., extraendo a información relevante en cada caso.

- Producción e intercambio de mensaxes orais comprensibles para os interlocutores a un nivel básico e dentro das situacións de comunicación propias deste módulo e dos precedentes.

- Comprensión de textos relacionados cos contidos conceptuais do módulo, de interese para as persoas adultas (instrucións, informacións, avisos, etc.) e capacidade de inferir, a partir do contexto, o significado dalgunhas palabras descoñecidas.

- Comprensión global, con ou sen axuda do dicionario, de textos escritos sinxelos periodísticos, literarios, de divulgación, etc., de interese para o alumnado adulto.

- Producción de textos escritos sinxelos con diferentes intencións comunicativas.

- Análise e comparación de determinados aspectos das formas de vida e trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos correspondentes no noso país.

- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes co fin de obter as informacións desexadas.

3.1.3. Contidos actitudinais.

- Recoñecemento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e tendencia a superar as dificultades que xurden na comunicación oral por falta de recursos lingüísticos, explotando ao máximo os coñecementos e as estratexias de comunicación que se traballan neste módulo e nos precedentes.

- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe, dentro das situacións comunicativas abordadas, sen necesidade de

entender tódolos seus elementos.

- Interese polas mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira co fin de obter información, ampliar coñecementos, gozar, etc.
- Curiosidade por coñecer o funcionamento da lingua estranxeira e aprecio pola corrección no seu uso como garantía dunha comunicación fluída e eficaz.
- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida e doutros aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

3.2. Criterios de avaliación.

- Comprender mensaxes orais breves propias das situacións de comunicación traballadas no módulo, procedentes de distintas fontes, extraendo a información relevante en cada caso.
- Producir mensaxes orais comprensibles e participar activamente nas situacións de comunicación propias deste módulo e xeradas polas áreas léxicas traballadas.
- Comprender a idea principal e extraer información específica de textos escritos breves de carácter interpersoal (cartas, notas, invitacións, avisos, etc.) e de textos máis extensos, inferindo o significado de palabras descoñecidas a partir do contexto.
- Comprender globalmente, con axuda do dicionario en caso necesario, textos escritos sinxelos de tipo periodístico, literario, divulgativo, etc., de interese para o alumnado adulto.
- Producir textos escritos sinxelos que respondan ás diferentes intencións comunicativas traballadas neste módulo.
 - Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos acerca do novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as producións alleas.

3.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

- A avaliación será continua, sumativa e formativa.
- Faranse dúas probas escritas e dúas orais (expresión e comprensión): a primeira a mediados do catrimestre e a segunda e final ao rematar o catrimestre. Será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consten as probas para obter a calificación de aprobado. Teranse en conta as calificacións dos traballos feitos na clase e/ou

na casa. Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes:
conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

4. Módulo 4. (14 sesións)

4.1. Contidos.

4.1.1. Contidos conceptuais.

- Situacións de comunicación xeradas pola utilización na clase de textos procedentes de diversas fontes (medios de comunicación, textos de carácter divulgativo, científico, literario, etc.).

Funcións habituais da vida cotiá:

Expresar sentimentos, emocións e sensacións;

Expresar a propia opinión e xustificala;

Describir e comparar realidades diferentes;

Expresar hipóteses;

Expresar obriga;

Expresar finalidade.

Vocabulario relativo ao mundo do traballo, ao consumo e calidade de vida, á ecoloxía e medio ambiente, ás novas tecnoloxías, ao lecer, ás viaxes, etc.

- Aspectos discursivos: elementos que dan cohesión e coherencia ao discurso.

- Comportamentos específicos dos falantes da lingua estranxeira nos intercambios comunicativos nas situacións de comunicación citadas.

- Aspectos da cultura da lingua estranxeira en contraste cos da propia, sempre en relación cos temas traballados.

- Presencia da lingua estranxeira no ámbito local: turismo, medios de comunicación, manifestacións artísticas, culturais, deportivas, etc.

4.1.2. Contidos procedimentais.

- Comprensión global de mensaxes orais procedentes de diversas fontes, distinguindo entre a expresión de datos e a de opinións, e identificando a intencionalidade do falante.

- Produción de mensaxes orais comprensibles e cunha organización coherente das ideas expresadas.

- Participación activa en interaccións comunicativas para expresar estados de ánimo, xustificar as propias opinións, comparar realidades diferentes, etc., utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas que aseguren unha comunicación fluída e eficaz.

- Comprensión global de textos escritos relacionados coa experiencia e a bagaxe cultural do alumnado adulto, tanto literarios (relatos curtos, poemas, comentarios críticos, etc.) como de carácter divulgativo ou científico deducindo polo contexto o significado dalgunhas palabras.
- Comprensión global e extracción de información específica de textos escritos seleccionados dos medios de comunicación (artigos de revistas e periódicos, anuncios, cómics, etc.).
- Producción de textos escritos sinxelos e comprensibles cunha estruturación lóxica axeitada (introducción, desenvolvemento e conclusión), atendendo a diferentes necesidades e a diferentes intencionalidades comunicativas.
- Emprego contextualizado das normas e hábitos de conducta dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1.3. Contidos actitudinais.

- Actitude positiva cara ás actividades de clase máis idóneas para desenvolver ao máximo a competencia comunicativa e cara á superación dos problemas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe.
- Valoración do esforzo persoal e do traballo en equipo como medio para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Interese pola lectura autónoma de textos na lingua estranxeira como fonte de información e como medio de pracer.

4.2. Criterios de avaliación.

- Extraer a información global e específica de mensaxes orais emitidas en situación de comunicación sobre temas cotiáns relacionados coa vida das persoas adultas (relacións familiares, relacións laborais, amizades, lecer, etc.).
- Extraer a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios de reprodución mecánica sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversas breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención de comunicación.
- Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada, sobre temas diversos de interese para as persoas adultas.
- Ler de maneira autónoma, utilizando correctamente o dicionario, textos sinxelos de diferente tipo (descritivos, narrativos, argumentativos, explicativos) relacionados cos intereses propios e demostrar a comprensión mediante a realización dunha tarefa específica.

- Redactar textos sinxelos, a partir das estruturas coñecidas, atendendo a diferentes intencións comunicativas e respectando as convencións da comunicación escrita.

-Identificar os trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira para unha mellor comprensión das mensaxes e analízalos comparativamente como medio para comprender e valorar os trazos característicos da cultura galega.

4.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

- A avaliación será continua, sumativa e formativa.

- Faranse dúas probas escritas e dúas orais (expresión e comprensión): a primeira a mediados do catrimestre e a segunda e final ao rematar o catrimestre. Será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consten as probas para obter a calificación de aprobado. Teranse en conta as calificacións dos traballos feitos na clase e/ou na casa. Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes:
conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

LIÑAS METODOLÓXICAS

O enfoque será, seguindo a lei vixente e os consellos do marco europeo (M.E.C.R.), comunicativo e “actionnel”, utilizando en todos os casos unha metodoloxía que estimule ao alumno para progresar na aprendizaxe da lingua francesa:

Facendo máis fluídas as relacións na clase mediante a participación dos alumnos no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Potenciando unha aprendizaxe autónoma.

Interesando e motivando aos alumnos con temas suxestivos.

Estimulando ao alumno coa proposta de actividades participativas e lúdicas.

Realizando un tratamento equilibrado das catro destrezas para practicar tanto a comprensión como a expresión oral e escrita.

Como norma xeral procuraremos utilizar documentos auténticos a miúdo (películas, cancións, reportaxes, artigos de prensa, literatura, cómics...).

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Ao non terse elaborado as Unidades Didácticas para a Educación Secundaria semipresencial por parte da Consellería no Ámbito de Comunicación para a Lingua Francesa traballaremos con material de elaboración propia.

7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os exames de recuperación dos alumnos pendentes serán elaborados polos membros do Departamento e corregidos polo Xefe de Departamento, nas datas previstas por Xefatura de Estudos.

8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Na primeira sesión de cada catrimestre na ESPA e ao comenzar o curso no Bacharelato farase una avaliación inicial mediante entrevista persoal a cada alumno.

9. Medidas de atención á diversidade.

Nas medidas para atender a diversidade do alumnado, para a aprendizaxe, en linguas estranxeiras, temos presente que non debemos facer propostas de ensinanza uniformes nin aplica-lo mesmo criterio para valora-la competencia de cada alumno.

O principio de atención á diversidade impúlsanos a detecta-los condicionantes que impiden levalo a cabo e toma-las medidas que diminúan ou eliminan eses condicionantes que non nos deixan ocuparnos das demandas particulares de cada un dos alumnos.

Así en cada unidade consideramos que o alumno é distinto en canto á capacidade de aprender, a motivación por aprender, os estilos de aprendizaxes e os intereses persoais de acordo co seu futuro profesional, polo tanto en cada unidade tentamos:

- a) prever para un mesmo contido varias actividades de menor a maior dificultade.
- b) elixir textos con actividades graduadas.
- c) planificar agrupacións flexibles. O profesor propón segundo a actividade grupos homoxéneos ou heteroxéneos.

Buscando medios ou formas de intervención, que permiten dar unha resposta axeitada ás necesidades persoais de todos e cada un dos nosos alumnos.

En ocasións, sen embargo, as necesidades educativas dalgúns alumnos van máis lonxe do que acabamos de expoñer e poden necesitar dunha axuda pedagóxica que dea unha resposta máis axeitada á severas dificultades de aprendizaxe ou a situacións excepcionais de sobredotación. En tal caso debemos decidi-la conformidade de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado.

Nesta adaptación significativa eliminaremos, modificaremos ou introduciremos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constituirán os seus elementos prescriptivos e que requirirán uns pasos que non só dependen deste departamento.

10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

- Sin perxuízo do seu tratamento específico nalgunas das asignaturas de cada etapa, **a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TICs, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as asignaturas.**
- Fomentarse a calidade, equidade e **inclusión educativa das persoas con discapacidade**, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, diseño para todos, **atención á diversidade** e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a una educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- Fomentarse a **igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero**, e dos valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación por calqueira condición ou circunstancia persoal ou social.**
- Fomentarse a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores** que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o el rexeitamento á violencia terrorista, aa pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e a prevención de calqueira tipo de violencia.
- Adoptaranse medidas para que a **actividade física e a dieta equilibrada** formen parte da práctica diaria do alumnado.
- No ámbito da **educación e a seguridade vial**, incorporaranse elementos curriculares e promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías

11. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao comenzoar cada catrimestre, farase a avaliación inicial mediante entrevista persoal ao alumnado.

Tras os parciais do catrimestre (arredor da sétima sesión de clase) recolleranse datos dos resultados coa finalidade de reafirmar a programación, ou revisala e modificala (recortando ou ampliando contidos, procedimentos e metodoloxía), no caso de ser necesario.

Do mesmo xeito que ao rematar cada catrimestre e o curso retroalimentando o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

BACHARELATO

12. Obxectivos xerais BAC

Co fin de desenvolver as capacidades ligadas ós coñecementos correspondentes das linguas estranxeiras, as persoas adultas deberán acadar os seguintes obxectivos establecidos para esta materia:

-Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira relativas ás diversas situacións habituais de comunicación, emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación.

-Producir mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais de comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria, amosando unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.

-Ler de forma comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado adulto, relacionados con situacións habituais de comunicación.

-Utilizar a lectura de textos con finalidades diversas, valorando a súa importancia como fonte de información, gozo e lecer, e como medio de acceso a culturas e formas de vida distintas das propias.

-Transpoñer as estruturas morfosintácticas aprendidas a diferentes contextos da vida cotiá (o mundo laboral, a vida familiar, o lecer, etc.).

-Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para comunicarse con persoas que pertencen a culturas distintas á nosa e para participar nas relacións internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.

-Apreciar a riqueza que supoñen as diversas linguas e culturas como formas distintas decodifica-la experiencia e de organizar as relacións interpersoais.

-Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información procedente da cultura que as linguas estranxeiras transmiten e utilizar esa información para reflexionar sobre a cultura propia.

13. Programación didáctica Bacharelato (Modalidade Semipresencial)

A materia: liñas xerais

Metodoloxía de estudo

O método Point Rond basease na aprendizaxe por tarefas que levan a acadar obxectivos de comunicación en francés lingua estranxeira (FLE).

A partir da súa propia identidade e expresándose según os seus propios criterios o alumnado debe desenvolver de maneira natural as súas competencias comunicativas nas 4 modalidades: expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita.

O plan de traballo para o alumnado céntrase en 5 puntos:

Visualizar as competencias a acadar, a tarefa a realizar e ter un primeiro contacto co vocabulario.

Entrar no contexto.

Adquirir os recursos.

Realizar a tarefa despregando as súas competencias.

Descubrir os elementos da cultura francófona.

Apartados do traballo en cada unha das unidades

As unidades de Rond-Point están organizadas en cinco páxinas dobles que vos aportan progresivamente o léxico e os recursos gramaticais necesarios para a comunicación:

Ancraxe: Primeiro contacto co vocabulario es os temas da unidade. Preséntanse os obxetivos, o contido gramatical e a tarefa que teredes que realizar como obxectivo.

En contexto: Documentos e actividades próximos á realidade de fora da clase. Permitiranvos desenvolver unha capacidade de comprensión real.

Formas e recursos: Axudan a sistematizar os aspectos da gramática.

Tarefa obxectivo: Crea un contexto de comunicación no que teredes que reutilizar todo o aprendido nas etapas anteriores.

Miradas cruzadas: Suministra información sobre o mundo francófono.

Ao final do libro un apéndice gramatical xunta e desenvolve todos os contidos abordados en cada unidade.

As titorías lectivas e de orientación

Tendo en conta que esta é unha modalidade semipresencial, o alumnado terá que asistir ás titorías lectivas (unha sesión por semana)

obrigatoriamente. Nestas titorías, o profesorado dos centros EPA desenvolverá as unidades didácticas correspondentes poñendo ao alcance do alumnado os recursos léxicos, morfolóxicos, sintácticos, fonéticos e socio-culturais necesarios para acadar os obxetivos, así como propoñer, realizar e correxir os exercicios que consideren oportunos.

Nas titorías de orientación (non obrigatorias) o alumnado poderá resolver dúbidas, ampliar coñecementos e solicitar actividades e exercicios de apoio que o leven a acadar os obxetivos.

Lecturas recomendadas

Sería interesante que o profesorado dos centros EPA se puxese de acordo á hora de escoller os libros de lectura de non ser así será o profesorado de cada centro EPA o que recomende os libros de lectura, visualización de películas ou calquer recurso TIC ao seu alumnado.

14. 1º de Bacharelato (Francés, Lingua Estranxeira)

Libro de texto

O alumnado utilizará dous libros, o libro de texto e o caderno de exercicios:

Datos identificativos do libro de texto

Autores: Labascoule, J.; Lause, Ch.; Royer, C.

Título: **Rond Point 1**

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-160-2

Datos identificativos do caderno de exercicios:

Autores: Labascoule, J.; Liria, Ph.; Rodríguez, M^a Rita; Royer, C.

Título: **Rond Point 1 Cahier d' exercices**

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-161-9

Tanto o libro como o caderno veñen acompañados dos seus respectivos CD.

Así mesmo será necesario un diccionario bilingüe francés-español e español-francés.

O alumnado pedirá consello ao profesorado do seu centro EPA sobre cal debe adquirir.

Distribución temporal das unidades

O libro, así como o caderno de exercicios que o completa están organizados en 9 unidades que se distribuirán en grupos de 3 correspondéndose a cada unha das avaliacións.

1ªavaliación: unidades 1-3

2ªavaliación: unidades 4-6

3ªavaliación: unidades 7-9

Unidade 1: Qui sommes-nous?

Criterios de avaliación

Deletrear.

Presentar e identificar a unha persona ou un país.

Pedir e dar informacións: nome, teléfono, correo electrónico,...

Explicar as súas motivacións para aprender francés.

Contidos:

O alfabeto.

O presentador c'est.

Os numeros de 1 a 12.

As palabras interrogativas: comment...?, pourquoi...?

Pour et parce que.

O verbo s'appeler no presente.

Unidade 2: Elle est très sympa.

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Pedir e dar informacións sobre as personas.
Expressar a nosa opinión sobre os outros.

Contidos:

C' est / il est

Os adxetivos cualificativos no masculino e no femenino.

Os adxetivos de nacionalidade no masculino e no femenino.

Os números ata 69.

Os verbos être e avoir no presente.

Os verbos en –er no presente

A negación ne / n'...pas.

Os adxetivos posesivos.

Os lazos de parentesco.

Unidade 3: En route!

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Expressar os nosos gustos e preferencias.

Falar dos lugares donde pasamos as vacacións.

Contidos:

Os artigos indefinidos: un, une, des.

Il y a et il n'y a pas de...(hai e non hai...)

O pronome indefinido on.

Os artigos partitivos: du, de la, de l', des.

O verbo faire (facer).

Os medios de transporte.

Avoir envie de... (ter ganas de...)

O verbo préférer (preferir)

Moi aussi, moi non, moi non plus (eu tamén, eu non, eu tampouco)

O léxico ligado ao ocio e o tempo libre

As estacións e os meses.

Unidade 4: Levez une jambe!

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar dos nosos costumes cotidianos e da súa influencia na nosa saúde.

A dar consellos, facer suxestións e recomendacións.

Contidos:

Os verbos no presente.

Os verbos pronominais.

Os adverbios de frecuencia: toujours, souvent, quelquefois, jamais. (sempre, a miúdo, algunha vez, nunca)

Os adverbios de cantidade: beaucoup, trop, peu (moito, demasiado, pouco)

O imperativo.

As formas impersonais; il faut + infinitivo (hai que / é necesario + inf)

A interrogación total : Est-ce que...?

Unidade 5: Vous parlez italien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar do noso percorrido pola vida: a nosa formación e as nosas experiencias.

Valorar as cualidades, aptitudes e competencias.

Expresar e confrontar as nosas opinións.

Contidos:

O passé composé.

O participio pasado.

A posición dos adverbios.

Déjà / jamais. (xa / nunca)

Savoir et connaître no presente

O léxico das profesións.

Unidade 6: Ça coûte combien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Describir obxectos e estimar o seu valor.

Facer compras.

Contidos:

Avoir besoin de (ter necesidade de)

J'ai un, une, des / Je n' ai pas de

Lui, leur / le , la, l', les (os pronomes complemento indirecto e directo)

Os adxetivos e pronomes demostrativos.

On na sua valor do "nos".

Algunhas preposicións: chez, à la, au,...

As cifras, os prezos e as moedas.

O léxico da roupa.

As cores e os materiais.

Unidade 7: Salé ou sucré?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Pedir un menú ou un prato á carta nun restaurante.

Pedir informacións sobre un prato.

Explicar como se prepara un prato.

Contidos:

O léxico dos alimentos (ingredientes e sabores)

Os pesos e medidas.

Os cuantificadores do nome: trop de, beaucoup de, assez de, pas assez de, très peu de.

D' abord, ensuite, puis, enfin. (primeiro , a continuación, logo, por fin.

Unidade 8: En train ou en avion?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Decir a hora, precisar a data e os momentos da xornada.

Obter informacións sobre os horarios e os medios de transporte.

Reservar unha habitación nun hotel.

Redactar un correo electrónico para transmitir informacións.

Contidos:

A hipótese: si + presente

Être sur le point de, être en train de

O pasado recente (venir de) e o futuro próximo (aller + infinitivo)

Déjà, encore, pas encore (xa, aínda, aínda non)

Preposicións de localización no tempo e no espazo.

Formular preguntas.

Unidade 9: On vit bien ici.

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Deescribir e comparar lugares.

Expresar a nosa opinión.

Avaliar e establecer prioridades.

Contidos:

Os comparativos e os superlativos.

Expresións de opinión: A mon avis..., je mense que... (Na miña opinión..., Eu coido que...)

Os adverbios de cantidade.

O léxico dos sericios, as institucións e os comercios.

15. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

1º de bacharelato

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais			
b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes ou a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinaladas.</p> <p>B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.3. Comprender o esencial de conversas ou debates reais entre varias persoas interlocutoras, e de descrições e narracións breves reproducidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos.</p> <p>B1.4. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais transmitidos por medios técnicos, claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo.</p> <p>B1.5. Recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía, e as utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa das persoas que as utilizan en situacións comunicativas variadas, relativas a temas</p>	<p>PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p> <p>PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).</p> <p>PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</p> <p>PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		coñecidos ou de interese persoal, emitidos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal ou informal, que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes, e termos habituais e cultos de uso común non especializados.	estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).
		B1.6. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde).	PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.
		B1.7. Comprender a información esencial de conversas ou discusións en que se traten temas cotiáns xerais ou do seu interese (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer, se as persoas participantes articulan con claridade, pausadamente e en lingua estándar, e se non hai interferencias acústicas.	PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.
		B1.8. Recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo o interese ou a indiferenza), cando a articulación é clara.	PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.
		B1.9. Perseverar por acceder ao sentido do texto oral (cambiando o tipo de escoita, pedindo axuda ou escoitando varias veces os textos gravados) aínda que en ocasións e mesmo con frecuencia, as hipóteses de significado do texto oral non poidan ser verificadas con claridade.	PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.
			PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.
Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción			
a b c f	<p>Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción.</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou a mensaxe (facér concisións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.) e apoiarse neles.</p> <p>Cooperar na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>	<p>B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto.</p> <p>B2.2. Amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe, aínda que poida haber algunhas pausas, para buscar palabras e vacilacións na expresión dalgunhas ideas máis complexas.</p> <p>B2.3. Adequar a produción do texto oral ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema.</p> <p>B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles.</p> <p>B2.5. Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B2.6. Coñecer, seleccionar con atención e saber aplicar con eficacia as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, tentando novas</p>	<p>PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.</p> <p>PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p> <p>PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.</p> <p>PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Substituír palabras por outras de significado parecido.</p> <p>Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</p> <p>Pedir axuda ou clarificación.</p> <p>Paralingüísticos e paratextuais:</p> <p>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).</p> <p>Usar sons cuasilingüísticos.</p> <p>Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p>	<p>formulacións e combinacións dentro do propio repertorio, e corrixindo os erros (por exemplo, en tempos verbais, ou en referencias temporais ou espaciais) que conducen a malentendidos se a persoa interlocutora indica que hai un problema.</p> <p>B2.7. Realizar una presentación oral planificada de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible.</p> <p>B2.8. Amosar certa flexibilidade na interacción polo que respecta aos mecanismos de toma e cesión do quenda de palabra, a colaboración coa persoa interlocutora e o mantemento da comunicación, aínda que poida que non sempre se faga de maneira acertada.</p>	<p>naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.</p> <p>PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.</p> <p>PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a b c f m n	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Identificación das palabras clave.</p> <p>Recoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura.</p> <p>Supresión de informacións pouco relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o obxectivo de lectura</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>Revisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas.</p> <p>B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos.</p> <p>B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que traten temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral, sempre que se poidan releer as seccións difíciles.</p> <p>B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde).</p> <p>B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en rexistro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo.</p> <p>B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en</p>	<p>PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.</p> <p>PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.</p> <p>PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.</p> <p>PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).</p> <p>PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.	<p>PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).</p> <p>PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.</p> <p>PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.</p>
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción			
a b c f	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.)</p> <p>Procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Execución:</p> <p>Elaborar un borrador.</p> <p>Estruturar o contido do texto.</p> <p>Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guión previo.</p> <p>B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.</p> <p>PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación,</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>ou idea global deste.</p> <p>Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións).</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>Narración de acontecementos</p>	<p>específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación.</p> <p>B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema.</p> <p>B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes.</p> <p>B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación.</p> <p>B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabecera, despedida, sinatura, marxes, etc.).</p>	<p>na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).</p> <p>PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.</p> <p>PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p> <p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortésia.</p> <p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.</p> <p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B4.2. Estruturas sintáctico-discursivas.</p> <p>B4.3. Léxico escrito común e máis especializado (producción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>B4.4. Revisión:</p> <p>Identificar problemas, erros e repeticións.</p> <p>Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Realizar a escritura definitiva.</p> <p>Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p>		<p>privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural			
a b c f P	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais).</p> <p>Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras).</p> <p>Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións).</p> <p>Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.</p> <p>B5.3. Patróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guión).</p> <p>B5.4. Coñecementos morfosintácticos e discursivos:</p> <p>Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto.</p> <p>Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso.</p> <p>B5.5. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.6. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, recoñecendo e dándolles os significados e as intencións comunicativas desexados.</p> <p>B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira, en contextos reais ou simulados de comunicación.</p> <p>B5.3. Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (por exemplo, indicacións para acoutar información, como parénteses ou guións), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver dúbidas ortográficas nos textos producidos en formato electrónico, e utilizar con eficacia as convencións de escritura que rexen na comunicación por internet.</p> <p>B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito.</p> <p>B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da</p>	<p>PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.</p> <p>PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.</p> <p>PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <p>B5.8. Funcións comunicativas:</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.9. Léxico:</p> <p>Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e</p>	<p>lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados.</p> <p>B5.6. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou as funcións comunicativas.</p> <p>B5.7. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e máis especializado cando se conta con apoio visual ou contextual, relacionado cos propios intereses e as propias necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, e expresións e modismos de uso habitual.</p> <p>B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

Primeira Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p>		

16. 2º de Bacharelato (Francés, Lingua Estranxeira)

Libro de texto

O alumnado utilizará dous libros, o libro de texto e o caderno de exercicios:

Datos identificativos do libro de texto

Autores: Flumien, C.; Labascoule, J.; Royer, C.

Título: Rond Point 2

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-173-2

Datos identificativos do caderno de exercicios:

Autores: Flumien, C.; Labascoule, J.; Liria, Ph.; Royer, C.

Título: Rond Point 2 Cahier d' exercices

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-174-9

Tanto o libro como o caderno veñen acompañados dos seus respectivos CD.

Así mesmo será necesario un diccionario bilingüe francés-español e español-francés.

O alumnado pedirá consello ao profesorado do seu centro EPA sobre cal debe adquirir.

Distribución temporal das unidades

O libro, así como o caderno de exercicios que o completa están organizados en 9 unidades que se distribuirán en grupos de 3 correspondéndose a cada unha das avaliacións.

1ªavaliación: unidades 1-3

2ªavaliación: unidades 4-6

3ªavaliación: unidades 7-9

Unidade 1: Cherche colocataire.

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Falar dos seus gustos, da súa maneira de ser e das súas costumes.

Descibir o lugar donde vive.

Expresar os parecidos, as diferencias e as afinidades.

Orientarse no espacio.

Comunicar as impresións e os sentimentos.

Contidos:

Adorer, détester, ne pas supporter.

(m') intéresser, (m') ennuyer, (me) déranger.

O condicional: moi, je préférerais... (eu preferiría...)

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Pedir e dar informacións sobre as personas.

Expressar a nosa opinión sobre os outros.

Contidos:

C' est / il est

Os adxetivos cualificativos no masculino e no femenino.

Os adxetivos de nacionalidade no masculino e no femenino.

Os números ata 69.

Os verbos être e avoir no presente.

Os verbos en –er no presente

A negación ne / n'...pas.

Os adxetivos posesivos.

Os lazos de parentesco.

Unidade 3: En route!

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Expressar os nosos gustos e preferencias.

Falar dos lugares donde pasamos as vacacións.

Contidos:

Os artigos indefinidos: un, une, des.

Il y a et il n'y a pas de...(hai e non hai...)

O pronome indefinido on.

Os artigos partitivos: du, de la, de l', des.

O verbo faire (facer).

Os medios de transporte.

Avoir envie de... (ter ganas de...)

O verbo préférer (preferir)

Moi aussi, moi non, moi non plus (eu tamén, eu non, eu tampouco)

O léxico ligado ao ocio e o tempo libre
As estacións e os meses.

Unidade 4: Levez une jambe!

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar dos nosos costumes cotidianos eda sua influencia na nosa saude.

A dar consellos, facer suxestións e recomendacións.

Contidos:

Os verbos no presente.

Os verbos pronominais.

Os adverbios de frecuencia: toujours, souvent, quelquefois, jamais.
(sempre, a miúdo, algunha vez, nunca)

Os adverbios de cantidade: beaucoup, trop, peu (moito, demasiado, pouco)

O imperativo.

As formas impersonais; il faut + infinitivo (hai que / é necesario + inf)

A interrogación total : Est-ce que...?

Unidade 5: Vous parlez italien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar do noso percorrido pola vida: a nosa formación e as nosas experiencias.

Valorar as cualidades , aptitudes e competencias.

Expresar e confrontar as nosas opinións.

Contidos:

- O passé composé.
- O participio pasado.
- A posición dos adverbios.
- Déjà / jamais. (xa / nunca)
- Savoir et connaître no presente
- O léxico das profesións.

Unidade 6: Ça coûte combien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

- Describir obxectos e estimar o seu valor.
- Facer compras.

Contidos:

- Avoir besoin de (ter necesidade de)
- J'ai un, une, des / Je n' ai pas de
- Lui, leur / le , la, l', les (os pronomes complemento indirecto e directo)
- Os adxetivos e pronomes demostrativos.
- On na sua valor do “nos”.
- Algunhas preposicións: chez, à la, au,...
- As cifras, os prezos e as moedas.
- O léxico da roupa.
- As cores e os materiais.

19. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

1º de bacharelato

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a b	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
c f	sobre o tipo de tarefa e o tema.	información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.	necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.
	Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.	B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.
	Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).	B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.
	Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.	B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.
	Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).	B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.
Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).			
Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.			
B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.			
B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.			

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.
Bloque 2. Produción de textos orais			
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificar palabras de</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p> <p>B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p> <p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>significado parecido.</p> <p>Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</p> <p>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Pedir axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>	<p>brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúde á persoa destinataria, corpo</p>	<p>SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelas de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p> <p>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).	da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc. B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.	<p>ámbito público e educativo.</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p> <p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros <i>en liña</i> ou <i>blogs</i>, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p> <p>SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos			
a b c f	<p>B4. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.</p>	<p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiás ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</p>	<p>con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</p>
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
a b c f p	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesia propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables). Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que</p>	<p>B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fio do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</p> <p>B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesia debidas.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual,</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saídos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p> <p>Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.</p> <p>Bens e servizos básicos.</p> <p>Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.</p>	<p>así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <p>B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.</p>	

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	Tecnoloxía: aparellos de uso cotián. Calquera outro que se considere de interese. Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais. B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.		

20. 2º de Bacharelato (Francés, 2ª Lingua Estranxeira)

Libro de texto

O alumnado utilizará dous libros, o libro de texto e o caderno de exercicios:

Datos identificativos do libro de texto

Autores: Labascoule, J.; Lause, Ch.; Royer, C.

Título: **Rond Point 1**

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-160-2

Datos identificativos do caderno de exercicios:

Autores: Labascoule, J.; Liria, Ph.; Rodríguez, M^a Rita; Royer, C.

Título: **Rond Point 1 Cahier d' exercices**

Editorial: difusión fle

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2008

ISBN: 978-84-8443-161-9

Tanto o libro como o caderno veñen acompañados dos seus respectivos CD.

Así mesmo será necesario un diccionario bilingüe francés-español e español-francés.

O alumnado pedirá consello ao profesorado do seu centro EPA sobre cal debe adquirir.

Distribución temporal das unidades

O libro, así como o caderno de exercicios que o completa están organizados en 9 unidades que se distribuirán nos dous cursos de bacharelato. En 2º retomaranse, a xeito de repaso, as unidades 4,5 e 6, xa vistas en primeiro, e veranse ademais as tres últimas (é dicir, da 7-9). A distribución temporal das unidades correspondente ao 2º curso e a cada unha das avaliacións é a seguinte:

1ªavaliación:	unidades 4-5
2ªavaliación:	unidades 6-7
3ªavaliación:	unidades 8-9

Unidade 4: Levez une jambe!

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar dos nosos costumes cotidianos e da súa influencia na nosa saúde.

A dar consellos, facer suxestións e recomendacións.

Contidos:

Os verbos no presente.

Os verbos pronominais.

Os adverbios de frecuencia: toujours, souvent, quelquefois, jamais.
(sempre, a miudo, algunha vez, nunca)

Os adverbios de cantidade: beaucoup, trop, peu (moito, demasiado, pouco)

O imperativo.

As formas impersonais; il faut + infinitivo (hai que / é necesario + inf)

A interrogación total : Est-ce que...

Unidade 5: Vous parlez italien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

A falar do noso percorrido pola vida: a nosa formación e as nosas experiencias.

Valorar as cualidades , aptitudes e competencias.

Expresar e confrontar as nosas opinións.

Contidos:

O passé composé.

O participio pasado.

A posición dos adverbios.

Déjà / jamais. (xa / nunca)

Savoir et connaître no presente

O léxico das profesións.

Unidade 6: Ça coûte combien?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

Descibir obxectos e estimar o seu valor.

Facer compras.

Contidos:

Avoir besoin de (ter necesidade de)
J'ai un, une, des / Je n' ai pas de
Lui, leur / le , la, l', les (os pronomes complemento indirecto e directo)
Os adxetivos e pronomes demostrativos.
On na sua valor do “nos”.
Algunhas preposicións: chez, à la, au,...
As cifras, os prezos e as moedas.
O léxico da roupa.
As cores e os materiais.

Unidade 7: Salé ou sucré?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

- Pedir un menú ou un prato á carta nun restaurante.
- Pedir informacións sobre un prato.
- Explicar como se prepara un prato.

Contidos:

O léxico dos alimentos (ingredientes e sabores)

Os pesos e medidas.

Os cuantificadores do nome: trop de, beaucoup de, assez de, pas assez de, très peu de.

D' abord, ensuite, puis, enfin. (primeiro , a continuación, logo, por fin)

Unidade 8: En train ou en avion?

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

- Decir a hora, precisar a data e os momentos da xornada.
- Obter informacións sobre os horarios e os medios de transporte.
- Reservar unha habitación nun hotel.
- Redactar un correo electrónico para transmitir informacións.

Contidos:

A hipótese: si + presente

Être sur le point de, être en train de

O pasado recente (venir de) e o futuro próximo (aller + infinitivo)

Déjà, encore, pas encore (xa, aínda, aínda non)

Preposicións de localización no tempo e no espazo.

Formular preguntas.

Unidade 9: On vit bien ici.

Criterios de avaliación

Ao rematar esta unidade o alumnado deberá saber:

- Deescribir e comparar lugares.
- Expresar a nosa opinión.
- Avaliar e establecer prioridades.

Contidos:

Os comparativos e os superlativos.

Expresións de opinión: A mon avis..., je mense que... (Na miña opinión..., Eu coido que...)

Os adverbios de cantidade.

O léxico dos sericios, as institucións e os comercios.

21. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

2º de bacharelato

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a b	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
c f	Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.	información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.
	Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.	B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.
	Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).	B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.
	Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.	B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.
	Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).	B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta a repetir
Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.			
B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.			
B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.			

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			ou reformular o dito. SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.
Bloque 2. Produción de textos orais			
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias</p>	<p>B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación alumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales</p>	<p>SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p> <p>SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou reformulación dun termo ou expresión. Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos: Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado. Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal). Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B.2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>B.2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>B.2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.</p>	<p>exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos,</p>	<p>SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida releer as seccións difíciles.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.</p> <p>B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.</p> <p>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.</p>	<p>relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).</p> <p>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p> <p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou <i>blogs</i>, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro).</p> <p>SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.
Bloque 4. Produción de textos escritos			
a b c f	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, <i>blogs</i> e <i>chats</i> nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.).</p>		<p>tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p>
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
a b c f p	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e</p>	<p>B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.</p> <p>B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>personaxes relevantes).</p> <p>Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restructuración da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de</p>	<p>(xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla.</p> <p>B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.</p>	<p>culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.</p>

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p> <p>Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

22. Criterios de avaliación e calificación no Bacharelato Semipresencial.

- Extraer la información global e específica de mensaxes orais emitidas en situación de comunicación sobre temas cotiáns relacionados coa vida das persoas adultas (relacións familiares, relacións laborais, amizades, lecer, etc.).

- Extraer a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios de reprodución mecánica sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversas breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención de comunicación.
- Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada, sobre temas diversos de interese para as persoas adultas.
- Ler de maneira autónoma, utilizando correctamente o dicionario, textos sinxelos de diferente tipo (descritivos, narrativos, argumentativos, explicativos) relacionados cos intereses propios e demostrar a comprensión mediante a realización dunha tarefa específica.
- Redactar textos cun nivel de dificultade correspondente aos obxectivos e contidos propios do nivel, a partir das estruturas coñecidas, atendendo a diferentes intencións comunicativas e respectando as convencións da comunicación escrita.
- Identificar os trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira para unha mellor comprensión das mensaxes e analízalos comparativamente como medio para comprender e valorar os trazos característicos da cultura galega.
- Dado que se trata da modalidade semipresencial o alumnado perderá o dereito á avaliación continua no caso de faltar ao 30% das sesións de clase.

23. Procedementos e instrumentos de avaliación.

- A avaliación será continua, sumativa e formativa.
- Faranse probas escritas e orais (expresión e comprensión) ao longo do curso, polo menos dúas por trimestre.

Será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consten as probas para obter a calificación de aprobado. Teranse en conta as calificacións dos traballos feitos na clase e/ou na casa. Os contidos participarán na calificación final coas seguintes porcentaxes: conceptuais o 60%; procedimentais o 20 %; e actitudinais o 20%.

En 1º de Bacharelato farase, na 3ª avaliación, ademáis dos exames relativos aos conceptos gramaticais adquiridos ao longo do curso, una proba escrita específica do sistema verbal francés na que para obter a calificación de apto será necesario respostar correctamente ao 60% das formas verbais preguntadas.

O alumnado de 2º de Bacharelato tera que ler una obra literaria francesa, probablemente “L’ Étranger” de Albert Camus, así como pasar una proba escrita e / ou oral de comprensión do libro. Se o nivel do alumnado así o aconsellase o Departamento podría escoller outra obra literaria.

24. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

LIÑAS METODOLÓXICAS

O enfoque será, seguindo a lei vixente e os consellos do marco europeo (M.E.C.R.), comunicativo e “actionnel”, utilizando en todos os casos unha metodoloxía que estimule ao alumno para progresar na aprendizaxe da lingua francesa:

Facendo máis fluídas as relacións na clase mediante a participación dos alumnos no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Potenciando unha aprendizaxe autónoma.

Interesando e motivando aos alumnos con temas suxestivos.

Estimulando ao alumno coa proposta de actividades participativas e lúdicas.

Realizando un tratamento equilibrado das catro destrezas para practicar tanto a comprensión como a expresión oral e escrita.

Como norma xeral procuraremos utilizar documentos auténticos a miúdo (películas, cancións, reportaxes, artigos de prensa, literatura, cómics...).

25. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

No relativo ao Bacharelato semipresencial os libros recomendados, que non de uso obrigatorio, son os citados na parte da programación correspondente(Rond Point 1 e 2), así como material de elaboración propia, e en 2º de Bacharelato textos semellantes aos das antigas PAAU.

Como norma xeral procuraremos utilizar documentos auténticos a miúdo (películas, cancións, reportaxes, artigos de prensa, literatura, cómics...).

26. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar esta programación, teranse en conta os seguintes puntos:

- Valorarase o nivel da clase e as dificultades atopadas.
- Valoraranse os obxectivos acadados, os propios recursos empregados e a metodoloxía didáctica empregada.

- Ao final do curso e do catrimestre na ESPA e de cada trimestre no Bacharelato, cada profesor cubrirá un informe para cada curso que terá en conta os seguintes aspectos:
 - Horas de clase impartidas.

- Desenvolvemento da programación (observacións, modificacións introducidas durante o curso, dificultades e medidas correctoras, materiais didácticos, outros recursos empregados)
- Observacións sobre o grupo (asistencia, puntualidade, comportamento).

O informe final permitirá logo introducir as modificacións oportunas para outros cursos.

27. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os exames de recuperación dos alumnos pendentes serán elaborados polos membros do Departamento e corregidos polo Xefe de Departamento, nas datas previstas por Xefatura de Estudos.

28. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Na primeira sesión de cada catrimestre na ESPA e ao comenzo do curso no Bacharelato farase una avaliación inicial mediante entrevista persoal a cada alumno.

29. Medidas de atención á diversidade.

Nas medidas para atender a diversidade do alumnado, para a aprendizaxe, en linguas estranxeiras, temos presente que non debemos facer propostas de ensinanza uniformes nin aplicar o mesmo criterio para valorar a competencia de cada alumno.

O principio de atención á diversidade impúlsanos a detectalos condicionantes que impiden levarlos a cabo e tomar as medidas que diminúan ou eliminen eses condicionantes que non nos deixan ocuparnos das demandas particulares de cada un dos alumnos.

Así en cada unidade consideramos que o alumno é distinto en canto á capacidade de aprender, a motivación por aprender, os estilos de aprendizaxes e os intereses persoais de acordo co seu futuro profesional, polo tanto en cada unidade tentamos:

- a) prever para un mesmo contido varias actividades de menor a maior dificultade.
- b) elixir textos con actividades graduadas.
- c) planificar agrupacións flexibles. O profesor propón segundo a actividade grupos homoxéneos ou heteroxéneos.

Buscando medios ou formas de intervención, que permiten dar unha resposta axeitada ás necesidades persoais de todos e cada un dos nosos alumnos.

En ocasións, sen embargo, as necesidades educativas dalgúns alumnos van máis lonxe do que acabamos de expoñer e poden necesitar dunha axuda pedagóxica que dea unha resposta máis axeitada á severas dificultades de

aprendizaxe ou a situacións excepcionais de sobredotación. En tal caso debemos decidi-la conformidade de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado.

Nesta adaptación significativa eliminaremos, modificaremos ou introduciremos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constituirán os seus elementos prescriptivos e que requirirán uns pasos que non só dependen deste departamento.

30. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

- Sin perxuízo do seu tratamento específico nalgunas das asignaturas de cada etapa, **a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TICs, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as asignaturas.**
- Fomentarse a calidade, equidade e **inclusión educativa das persoas con discapacidade**, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, diseño para todos, **atención á diversidade** e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a una educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- Fomentarse a **igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero**, e dos valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación por calqueira condición ou circunstancia persoal ou social.**
- Fomentarse a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores** que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o el rexeitamento á violencia terrorista, aa pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e a prevención de calqueira tipo de violencia.
- Adoptaranse medidas para que a **actividade física** e a **dieta equilibrada** formen parte da práctica diaria do alumnado.
- No ámbito da **educación e a seguridade vial**, incorporaranse elementos curriculares e promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías

31. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Debido ao tipo de ensino, para adultos e a distancia, as actividades complementarias e extraescolares do Departamento axustaranse ás distintas realidades e circunstancias que se den ao longo do curso, e serán debidamente presentadas ao Consello Escolar para a súa aprobación previa.

32. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ESPA

Ao comenazar cada catrimestre, farase a avaliación inicial mediante entrevista persoal ao alumnado.

Tras os parciais do catrimestre (arredor da sétima sesión de clase) recolleranse datos dos resultados coa finalidade de reafirmar a programación, ou revisala e modificala (recortando ou ampliando contidos, procedimentos e metodoloxía), no caso de ser necesario.

Do mesmo xeito que ao rematar cada catrimestre e o curso retroalimentando o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

BACHARELATO

Ao comenazar o curso, farase a avaliación inicial mediante entrevista persoal ao alumnado.

Tras os parciais do trimestre recolleranse datos dos resultados coa finalidade de reafirmar a programación, ou revisala e modificala (recortando ou ampliando contidos, procedimentos e metodoloxía), no caso de ser necesario.

Do mesmo xeito que ao rematar cada trimestre e o curso retroalimentando o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Ferrol, 24 de outubro de 2023

Asdo. Juan Francisco Rey Fernández

Xefe do Departamento de Francés

EPAPU “ Stª Mª de Caranza”

INDICE

1.Introdución e contextualización	2
1.1Composición do departamento:	2

1.2	Introducción. Proceso ensino-aprendizaxe para persoas adultas.	2
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
3.	Obxectivos xerais ESPA.	5
4.	Programación didáctica ESPA.	6
	Módulo1	6
	Contidos.	
	Contidos conceptuais.	
	Contidos procedementais.	
	Contidos actitudinais.	
	Criterios de avaliación.	8
	Procedementos e instrumentos de avaliación.	8
	Módulo 2.	9
	2.1. Contidos.	
	2.1.1. Contidos conceptuais.	
	2.1.2. Contidos procedementais.	
	2.1.3. Contidos actitudinais.	
	2.2. Criterios de avaliación.	10
	2.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.	11
	3. Módulo 3	11
	3.1. Contidos.	
	3.1.1. Contidos conceptuais.	
	3.1.2. Contidos procedementais.	
	3.2. Criterios de avaliación.	13
	3.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.	14
	4. Módulo 4. (14 sesións)	14
	4.1.2. Contidos procedementais.	

4.1.3. Contidos actitudinais.	
4.2. Criterios de avaliación.	16
4.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.	16
5. .Concrecións metodolóxicas que require a materia.	17
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	17
7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	17
8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	17
9. Medidas de atención á diversidade.	17
10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.	18
11. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	19
BACHARELATO	19
12. Obxectivos xerais BAC	19
13. Programación didáctica Bacharelato (Modalidade Semipresencial)	20
A materia: liñas xerais	
Metodoloxía de estudo	
As titorías lectivas e de orientación	21
Lecturas recomendadas	21
14. 1º de Bacharelato (Francés, Lingua Estranxeira)	22

Libro de texto	22
Distribución temporal das unidades	22
15. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.	27
16. 2º de Bacharelato (Francés, Lingua Estranxeira)	40
Libro de texto	40
Distribución temporal das unidades	40
17. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.	46
18. 1º de Bacharelato (Francés, 2ª Lingua Estranxeira)	58
Libro de texto	58
Distribución temporal das unidades	58
19. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.	62
20. 2º de Bacharelato (Francés, 2ª Lingua Estranxeira)	71
Libro de texto	71
Distribución temporal das unidades	72
21. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.	76
22. Criterios de avaliación e calificación no Bacharelato Semipresencial.	86
23. Procedementos e instrumentos de avaliación.	86
24. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	87
25. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	87
26. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	87
27. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	88

- 28.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. 88
- 29.Medidas de atención á diversidade. 88
- 30.Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda. 89
- 31.Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico. 90
- 32.Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. 90